



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que palíe as consecuencias negativas do novo modelo de probas de acceso á universidade para o alumnado galego

Expediente: D.3.Q/14970/17 a D.3.Q/16090/17

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención as persoas asinantes dos expedientes de queixa arriba referenciados. Ponse no seu coñecemento a recepción destas 1.120 sinaturas a efectos do problema da realización da proba de lingua e literatura galega na ABAU.

No seu escrito, textualmente, indican o seguinte:

O alumnado que ata agora estaba exento de realizar a proba de lingua e literatura galega nas probas de acceso a universidade por non cursar esta asignatura en primeiro de bacharelato, ben por cursar estudos fora da comunidade, ben por estar exento dela, terán que examinarse en xuño nas novas ABAD, algo que se lles comunica oficialmente cando apenas faltan dous meses para a celebración das probas.

A Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulaban as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia. DOG 4 abril de 2011 establece no seu artigo 8.2 con referencia a exención de lingua galega nas probas de acceso a universidade o seguinte:

Estarán exentos da realización deste exercicio os estudantes con exención da materia de lingua galega e literatura nalgún dos dous cursos do bacharelato, así como os estudantes que non realizasen algún dos dous cursos do bacharelato en Galicia.

Polo que o alumnado que non cursou Lingua Galega no primeiro de bacharelato, ben por estar exento ou por realizar os seus estudos no estranxeiro, caso por exemplo daqueles que desfrutaron da Beca da Fundación Amancio Ortega ou por iniciativa propia cursaron o primeiro de bacharelato en EE.UU e Canadá, estaban exentos, se o solicitaban, de realizar a proba de Lingua e Literatura Galega nas PAU, aínda que si tiñan que cursar e aprobar dita materia en segundo de bacharelato.

Esta é a idea e a información coa que levan traballando estes alumnos e alumnas durante o presente curso 2016-17, onde sabían que si tiñan que superar a materia en segundo de bacharelato, pero non examinarse dela na nova avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) se así o solicitaban.

O pasado luns día 27 publícase RESOLUCIÓN conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polo que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18.DOG do luns 27 marzo, que no seu artigo terceiro 3.3 establece con relación a exención de Lingua e Literatura galega-e-seguínte:

"Estarán exentos da realización desta proba o alumnado con exención da materia de Lingua Galega e Literatura II" deixando fora ao alumnado que non cursara galego en primeiro de bacharelato, como ocorría anteriormente, polo que este grupo de alumnos e alumnas que mencionaba anteriormente teñen que examinarse desta asignatura en selectividade, algo que a estas alturas de curso e con apenas dous meses de antelación se lles comunica oficialmente.

Isto causa un grande prexuízo a este grupo de estudantes que teñen que examinarse dunha asignatura máis, da que durante todo o curso se consideraba que estaban exentos. Son consciente de que ao tratarse de Lingua e Literatura Galega é un tema que pode ferir susceptibilidades pero guaro deixar claro que a reclamación non ben polo feito de tratarse desta asignatura en concreto, de feito a reclamación sería a mesma se se tratase de calquera outra materia que se engadise aos alumnos a última hora.

Considero que esta medida pode ser coherente e incluso pode chegar a entender a súa lóxica ao tratarse dunha asignatura troncal de segundo de bacharelato e non a cuestiono a súa implementación, sempre e cando se faga en tempo e forma, e se aplique a partir da próxima convocatoria. Deste xeito os alumnos que este ano decidan estudar fora da comunidade o primeiro de bacharelato saberán o que aterse cando se matriculen de segundo de bacharelato e preparen a súa ABAU. Pero non parece a todas luces xusto, nin de

recibo, que se aplique xa nesta convocatoria de xuño, causando ao alumnado un prexuízo irreparable, xa que val condicionar a súa nota de acceso a universidade, en contra da información que se lle leva dando dende principio de curso.

Para non causar un prexuízo a estes estudantes e dado o pouco tempo que resta para a celebración das probas solicítase que, se introduza unha moratoria, polo menos nesta convocatoria de 2017, de xeito que os afectados non se lle aplique o artigo 3.3 e poidan seguir exentos da proba de Lingua, se así o solicitan, tal e como se veu facendo en anos anteriores e de acordo coa información que se lle leva dando a estes estudantes durante todo o curso.

Ao considerar que esta queixa reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, admítase a trámite e promóvese a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

Por mor da actuación de oficio aberta por esta institución, no informe achegado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recoñece que o cambio normativo de máis calado que se ven de producir no sistema educativo polo que respecta ao procedemento de admisión á universidade é separar como procesos distintos a obtención do título de bacharel e a proba de acceso á universidade.

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato regula tamén separadamente as avaliacións de 2º de Bacharelato e a proba de avaliación final de Bacharelato (a denominada ABAU):

Para a avaliación de segundo curso de Bacharelato:

Artigo 28. 5. Los alumnos y alumnas deben cursar la materia Lengua Cooficial y Literatura en el bloque de asignaturas de libre configuración autonómica en aquellas comunidades autónomas que posean dicha lengua cooficial, si bien podrán estar exentos de cursar o de ser evaluados de dicha materia en las condiciones establecidas en la normativa autonómica correspondiente. La materia Lengua Cooficial y Literatura recibirá un tratamiento análogo al de la materia Lengua Castellana y Literatura.

Para a proba de avaliación final de Bacharelato:

Disposición adicional séptima. Evaluación final de la asignatura Lengua Cooficial y Literatura.

1. La asignatura Lengua Cooficial y Literatura deberá ser evaluada en las evaluaciones finales indicadas en los artículos 21 y 31, y se tendrá en cuenta para el cálculo de la nota obtenida en dichas evaluaciones finales en la misma proporción que la asignatura Lengua Castellana y Literatura.

2. Corresponde a las Administraciones educativas competentes concretar los criterios de evaluación, los estándares de aprendizaje evaluables y el diseño de las pruebas que se apliquen a esta asignatura, que se realizarán de forma simultánea al resto de las pruebas que componen las evaluaciones finales.

3. Estarán exentos de la realización de estas pruebas los alumnos y alumnas que estén exentos de cursar o de ser evaluados de la asignatura Lengua Cooficial y Literatura, según la normativa autonómica correspondiente.

Polo tanto, non podemos estar de acordo co afirmado pola Consellería no seu informe cando di que desde a regulación estatal básica do Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, o alumnado sabía que sería avaliado da materia de Lingua Galega e Literatura II para os efectos da avaliación final salvo a exención regulada e recoñecida na Orde do 10 de febreiro de 2014, porque os alumnos estaban acollidos a exención propia e específica da proba de acceso que é a da Orde de 24 de marzo de 2011 e non a Orde de 10 de febreiro de 2014 que se aplica aos distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario. A vixencia das exencións recoñecidas ven establecida así na propia normativa estatal básica. Desde o *Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa*, sepáranse novamente a avaliación final de bacharelato e a proba "*de características semellantes á ata agora vixente Proba de Acceso á Universidade, e válida aos sós efectos de acceso á universidade*", como especifica a exposición de motivos. Polo tanto, cómpre distinguir o ámbito normativo das dúas ordes autonómicas que regulan as exencións de lingua galega, no sentido apuntado na recomendación achegada a esa consellería por mor da actuación de oficio.

Agardando a resposta á recomendación e as suxestións formuladas, saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo